



CARLOS JAVIER FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIO DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE

CERTIFICO

Que o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense na sesión ordinaria que tivo lugar o vintedous de xuño de dous mil dezasete adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

Primeiro.- Adxudicar, con cargo á partida orzamentaria 3420.63901, o contrato das obras de reposición de céspede e mellora rego do campo de Fútbol de Oira á empresa Mondo Ibérica S.A por valor de cento oitenta e un mil seiscientos cincuenta e cinco euros con once céntimos (181.655,11 €), mais 38.147,57 de IVE, o que supón un importe total de 219.802,68 €, por ser a oferta mais favorable no seu conxunto ao interese público e cumprir co disposto nos pregos técnicos e economico administrativos aprobados.

Segundo.- Notificar ao adxudicatario e aos demais licitadores o contido desta resolución.

Terceiro.- Publicar no perfil do contratante a adxudicación do contrato.

Cuarto.- Autorizar ao presidente do Consello Reitor para a sinatura do correspondente contrato administrativo.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do Sr. Presidente do Consello Municipal de Deportes en Ourense a 22 de Xuño de 2017.

O secretario



Visto e praxe

O presidente do Consello Municipal de Deportes

José Mario Guede Fernández